



CONCELLO DE BERGONDO (A CORUÑA)

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27 DE DECEMBRO DE 2012.

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e sete de decembro de dous mil doce, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta, D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado
D. Jesús Vázquez García
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Partido Popular (PP):

D.^a Antonia M.^a Sanjurjo Seijas (voceira)
D.^a Silvia M.^a Vázquez Cardelle
D. Alberto Feijoo Rodríguez
D. Fernando Abruñedo Fernández

Concelleiros non adscritos

D. Antón Sánchez García
D. Juan Antonio Fariña Pedreira

Non asiste:

D.^a Isabel Prado Gómez (PP)

Así mesmo asiste:

A secretaria en funcións: D.^a Laura Gutiérrez Ortiz (interventora municipal)

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO DÍA 29 DE NOVIEMBRE DE 2012.

2.- DECLARACIÓN DO CONCELLO DE BERGONDO, COMO LOCALIDADE SOLIDARIA CO ALZHEIMER. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

3.- ORDENANZA REGULADORA DA PROTECCIÓN DE CAMIÑOS E VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, CO MOTIVO DA EXECUCIÓN DE TALAS, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA NO TERMO MUNICIPAL DE BERGONDO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

4.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL-POS 2013. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

5.- PROPOSTA PARA AMPLIACIÓN DAS PRESTACIÓNS NOS SUPOSTOS DE BAIXAS LABORAIS DO PERSOAL DO CONCELLO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

6.- PROPOSTA DE ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DAS BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO ORDINARIO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE SECRETARÍA DO CONCELLO DE BERGONDO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

7.- ASUNTOS URXENTES.

8.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de dar inicio á sesión, preguntase ao público se alguén vai gravar a sesión en vídeo para a súa posterior inclusión nas redes sociais de internet.

Un dos asistentes no público manifesta que si, do que se da aviso ao público asistente.

A continuación dáse comezo á sesión plenaria.

Así mesmo, a Sra. alcaldesa informa que o secretario xeral non pode asistir a este pleno, polo que actuará como secretaria en funcións desta sesión a interventora municipal.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO DÍA 29 DE NOVIEMBRE DE 2012.

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión do día 29 de novembro de 2012. A Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular; non se formulan, polo que se aproba a dita acta por unanimidade.

2.- DECLARACIÓN DO CONCELLO DE BERGONDO, COMO LOCALIDADE SOLIDARIA CO ALZHEIMER. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta aos/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa, que transcrita literalmente di:

“O día 17 de setembro (R.X.Entrada núm. 8133) recibíuse un escrito da Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias – FAGAL no que se invitaba a este concello a sumarse á iniciativa de Localidades Solidarias co Alzheimer.

Xunto co escrito mencionado achegaban un modelo de declaración que se propón a continuación.

.- Conscientes de que o Alzheimer é a demencia con maior prevalencia que afecta en Galicia a 400.000 persoas entre enfermos e familiares e que, debido ao aumento de esperanza de vida da poboación, nos próximos vinte anos verá duplicada a súa incidencia, sendo este un problema especialmente grave en Galicia polo especial avellentamento e dispersión da poboación.

.- Conscientes de que o Alzheimer é un problema socio-sanitario debido á inexistencia de tratamentos efectivos e posibilidades de prevención.

.- Conscientes de que a abordaxe deste enfermidade –que ten un custo anual medio de máis de 30.000 euros- recae principalmente nas familias e que a dotación de recursos socio-sanitarios específicos para afrontar as necesidades das persoas enfermas e das súas familias é escasa.

.- Conscientes de que, a pesar das diferentes recomendacións formuladas dende os diversos órganos nacionais e internacionais e do recoñecemento da importación desta problemática na comunidade galega mediante a declaración do ano 2012 Ano Galego do Alzheimer, non existe un plan autonómico especificamente dirixido a paliar os efectos desta enfermidade.

.- E sabedores/as de que a poboación da nosa localidade está a envellecer e que iso leva consigo importantes riscos á hora de adquirir ou padecer unha demencia (sobre todo tipo alzheimer).

O Concello quere facer constar o seu compromiso con este problema de primeira magnitude declarándose Localidade Solidaria co Alzheimer.

Con este xesto institucional queremos servir de exemplo a outros municipios e apoiar á sensibilización e concienciación da sociedade, institucións e cargos públicos sobre este problema socio-sanitario de primeira magnitude.

Ratificando esta Declaración, o noso municipio como “Localidade Solidaria co Alzheimer” apoia a iniciativa liderada pola Alianza polo Alzheimer que reivindica a posta en marcha dunha Política de Estado de Alzheimer.

O Pleno decidirá o que considere mais conveniente.”

Toma a palabra o Sr. concelleiro non adscrito, Antón Sánchez García e di: apoiamos totalmente a proposta, e, dentro das competencias do concello, temos que axudar xa que este é un problema que cando lle toca a unha familia é unha ruína a nivel psicolóxico, económico e de todo tipo; e non hai os apoios suficientes. Cando se procedeu a incrementar un pouco as axudas, neste contexto actual, hai un recorte tremendo, por iso todo o que se poida facer desde o concello estamos de acordo.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

3.- ORDENANZA REGULADORA DA PROTECCIÓN DE CAMIÑOS E VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, CO MOTIVO DA EXECUCIÓN DE TALAS, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA NO TERMO MUNICIPAL DE BERGONDO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta aos/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa, que transcrita literalmente di:

“O uso dos camiños e vías municipais é un dereito dunha importante comunidade de usuarios. Destacan os dos propietarios de montes para a súa limpeza e mantemento, os usos cinexéticos e de simple disfrute. Preséntase na actualidade un número crecente de cidadáns que disfrutan da actividade ao aire libre, en diferentes usos que transitan por estes camiños.

Todo isto debe combinarse co uso silvícola, polo que é conveniente, que a Administración, se encargue de controlar estes usos, entre eles a extracción de madeira con ánimo de lucro, tanto no lugar da súa corta como o traslado da mesma polos distintos viais do municipio para evitar ou subsanar os desperfectos que estas actuacións poidan ocasionar.

É por iso polo que se pretende a aprobación dunha ordenanza que se encargue por un lado de garantir a constitución por parte dos maderistas das axeitadas garantías que poidan cubrir os eventuais desperfectos que se poidan causar, e por outro lado prever un réxime sancionador nos casos de incumprimento das obrigas mínimas de conservación das vías e camiños de titularidade municipal.

*Tendo en conta que o artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, establece como competencia do pleno a aprobación das ordenanzas, pola presente propónse ao Pleno da Corporación que proceda a adoptar o seguinte **ACORDO***

Primeiro: *Aprobar provisionalmente a ORDENANZA REGULADORA DA PROTECCIÓN DE CAMIÑOS E VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, CON MOTIVO DA EXECUCIÓN DE TALAS, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA NO TERMO MUNICIPAL DE BERGONDO, co contido que a continuación se transcribe, así como os anexos da mesma.*

Segundo: *Expoñer no tablón de anuncios da Corporación, por prazo de trinta días, e publicar no BOP, este acordo para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.*

Terceiro: *Dar conta ao Pleno das reclamacións que se presenten. As reclamacións presentadas resolveranse por este órgano con carácter definitivo. No caso de que non se presenten reclamacións, o acordo provisional elevarase automaticamente a definitivo.*

Cuarto: *O acordo definitivo ou no seu caso o provisional elevado automaticamente a definitivo, así como o texto íntegro da modificación da mencionada Ordenanza publicárase no BOP.*

Quinto: *A presente aprobación da Ordenanza non entrará en vigor ata que non transcorran 15 días desde a súa publicación íntegra no BOP.*

E esta é a miña proposta sen prexuízo de que o Pleno da Corporación, como órgano competente que acorde o que considere oportuno.”

Ordenanza reguladora da protección de camiños e vías de titularidade municipal, con motivo da execución de talas, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal de Bergondo.

Exposición de motivos

O Concello de Bergondo demostra interese e preocupación cara a xestión das súas masas arbóreas. A distribución urbanística debuxa un mapa de especial sensibilidade ao respecto. As zonas de uso residencial atópanse difuminadas e mesturadas coas zonas forestais, de forma que en varias parroquias conviven os dous usos, practicamente en unidade xeográfica. Esta situación condiciona os usos do monte. É prioritaria a protección das persoas, edificacións e instalacións fronte aos incendios forestais. A proximidade, orografía, climatoloxía e outros factores poden xerar situacións de risco que esixen unha resposta practicamente inmediata na extinción dun incendio na súa etapa de conato. Para esta consecución é indispensable que os viais de acceso ás zonas forestais se atopen sempre en perfectas condicións.

O uso dos camiños e vías municipais é un dereito dunha importante comunidade de usuarios. Destacan, entre outros usos: os dos propietarios de montes para as súas limpeza e mantementos, os usos cinexéticos e de simple desfrute. Preséntase na actualidade un número crecente de cidadáns que desfrutan da actividade ao aire libre, en diferentes usos que transitan por estes camiños.

Todo isto debe combinarse co uso silvícola. É conveniente que a Administración se encargue do control da forma en que se realiza a extracción da madeira con ánimo de lucro, tanto no lugar da súa corta como no seu traslado polos distintos viais do municipio, xa que en ocasións xeran importantes desperfectos en zonas de uso común e público.

Respecto da Lei 3/2007, do 9 de decembro de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia, en virtude da súa aplicación, ao atoparnos dentro dun termo municipal cun gran número de superficies de terreos afectadas, nas que cómpre unha xestión da biomasa vexetal e a adaptación de parte do seu arborado a unhas distancias de protección cara as vivendas, instalacións, edificacións e construcións, máis próximas, provocan severas actuacións sobre estes terreos e as súas plantacións, sobre todo en solos rústicos de protección paisaxística e forestal, incrementado ao mesmo tempo o uso dos viais e camiños forestais que transcorren ata os montes.

Respecto da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, esta ordenanza pretende completar a súa regulación, ampliando a protección máis aló das pistas forestais, a aqueles camiños e vías de titularidade municipal que non teñen a condición de pista forestal tal como esta é definida polo artigo 98 da citada Lei de montes de Galicia.

A habilitación desta ordenanza, emana da potestade regulamentaria das entidades locais recoñecida no art. 4.1º.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, con respecto ás competencias en materia de conservación de camiños e vías rurais (art. 25.2º.d), previndo o correspondente réxime sancionador polo incumprimento das súas determinacións e no suposto de ocasionar danos e desperfectos nas infraestruturas, instalacións e espazos públicos, derivados da actividade madeirista (art. 139 a 141).

Artigo 1º.- Obxecto.

O obxecto desta ordenanza é a conservación dos camiños e vías de titularidade municipal, con motivo da execución de talas e cortas de madeira no municipio de Bergondo, así como a protección dos viais de acceso e demais infraestruturas anexas aos lugares da tala e o estado final da superficie talada. Tamén, a regulación dos lugares de depósito, almacenamento e carga, en relación co desenvolvemento da actividade e os posibles desperfectos producidos.

Quedan excluídos da presente ordenanza as pistas forestais tal como son definidas polo artigo 98.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, isto é todos aqueles camiños de tránsito rodado de titularidade pública ou privadas, fora da rede de estradas, vinculado á xestión forestal e situado en solo rústico de protección forestal.

Artigo 2º.- A comunicación de tala.

1.- Aos sos e únicos efectos de garantir a preservación do medio ambiente e da conservación dos camiños e pistas municipais, é obrigatoria a comunicación de tala por parte da persoa física ou xurídica que actúe en calidade de madeireiro, consonte ao modelo normalizado desta ordenanza, cunha antelación mínima de quince días hábiles, sen prexuízo da obtención doutras autorizacións sectoriais que sexan necesarias para a tala das plantacións forestais.

A comunicación realizada ao Concello de Bergondo non eximirá da obriga de obter os restantes permisos e licenzas que resulten procedentes conforme á normativa sectorial.

2.- Na comunicación de tala, deberá constar, segundo modelo anexo que se incorpora a esta Ordenanza:

- Identificación do propietario do monte e do madeireiro, con designación do representante deste no suposto de ser unha persoa xurídica.

- Especie da madeira obxecto de tala, así como toneladas a extraer.

- Identificación nun plano do catastro ou do SIXPAC do monte afectado e referencia catastral do mesmo, así como indicación do lugar de depósito e viais a utilizar para o transporte da madeira, debendo ter en conta a tal efecto o sinalado no art. 28 da Lei 3/2007, de incendios de Galicia.

- Identificación da/s empresa/s encargada/s da tala, depósito, carga e transporte da madeira (razón social, N.I.F., vehículos cos que se van a realizar as operacións de depósito, carga e transporte así como a indicación da súa marca, modelo, matrícula e peso máximo autorizado).

- Xustificante da solicitude de permiso de tala achegado previamente ante a Consellería competente en materia forestal, segundo modelo oficial.

- Xustificante do depósito da garantía.

No suposto de tratarse dunha tala sen aproveitamento madeireiro, deberá comunicar a tala o titular do monte, indicando en calquera caso o seu motivo (obtención de leña para autoconsumo, enfermidade da especie, situación de perigo para as persoas e bens, etc...), e achegando igualmente a solicitude de autorización da tala presentado na Consellería competente.

3.- De calquera xeito, poderase facer unha comunicación de tala para varios montes ou parcelas catastrais, cando os traballos vaian a efectuarse de forma simultánea, debendo constar os datos de cada unha das parcelas nas que se vaia a realizar a tala segundo o establecido no art. 2º.2, e será o madeireiro encargado da tala o responsable dos desperfectos ocasionados nos viais de acceso aos lugares de tala, como consecuencia tanto da mesma como do depósito, carga e transporte da madeira, quedando obrigado á reparación dos mesmos, incluíndo a limpeza e retirada dos restos forestais resultantes. No suposto de non ser identificado o madeireiro, será responsable o propietario do monte ou da parcela catastral.

4.- Previamente ao inicio dos traballos, o madeireiro deberá presentar no rexistro municipal a comunicación de tala no modelo normalizado que consta no anexo desta ordenanza dirixida ao Servizo de Urbanismo e Medio Ambiente do Concello, co obxecto de que os Servizo Técnicos municipais inspeccionen os viais e accesos aos montes que vaian ser utilizados, ou ben a Policía Municipal, constate neste suposto a realidade física da vía. Todo isto sen prexuízo da solicitude e obtención da previa licenza municipal de tala, sin a cal non será posible o inicio de ningún tipo de actuación.

5.- As vías públicas non se poderán utilizar para almacenamento da madeira, aínda que se autoricen as operacións para a súa carga, solicitando de ser o caso, o permiso municipal correspondente de ocupación de vía pública municipal, quedando suxeita no caso de existir ás taxas correspondentes. No suposto de referirse á vías de titularidade da Xunta de Galicia, Ministerio de Fomento ou da Deputación Provincial da Coruña, con carácter previo deberá obter autorización destes organismos. Non obstante, as cunetas quedarán sempre limpas e en bo estado de utilización.

Artigo 3º.- Actividades excluídas.

A efectos desta ordenanza, non teñen a consideración de “talas forestais” os seguintes traballos:

Podas e refaldes en plantacións forestais

Desbroce e limpeza de predios.

Clareo de rebrotes de cepa de menos de tres anos

Talas puntuais de exemplares de árbores ornamentais illadas.

Artigo 4º.- Requisitos e obrigas para os madeireiros ou propietarios que realicen a tala e o depósito, carga e transporte da madeira talada.

1.- Será o madeireiro encargado da tala o responsable dos desperfectos ocasionados nos lugares de tala, viais de acceso, instalacións ou demais infraestruturas anexas, como consecuencia tanto da tala como do depósito, carga e transporte da madeira, quedando obrigado ao arranxo e reparación inmediata do deterioro producido nos mesmos, incluíndo a limpeza, retirada ou eliminación de residuos procedentes da tala e das operacións de carga e almacenamento. No suposto de non ser identificado o mesmo, quedará obrigado o propietario do monte ou parcela.

As cantidades depositadas en concepto de garantía responderán da dita obriga, sen prexuízo de que no suposto de non ser suficientes, a diferenza recadarase en concepto de ingreso de dereito público, coa correspondente vía de constrinximento, de ser necesaria.

2.- A superficie do monte debe quedar totalmente limpa, sen ningún tipo de restos das pólas das copas ou calquera outro material que constituía focos de alta combustibilidade que poidan ser causa de incendio ou afectar ao futuro estado fitosanitario do rodal e das masas colindantes.

3.- Nos supostos previstos nos dous apartados anteriores, o madeireiro ou o propietario, deberán atender o requirimento de reparación ou limpeza que efectúe o concello, e no que se lles outorgará un prazo de quince días hábiles, para a realización dos traballos de reparación e e limpeza que procedan.-

4.- Establécense tres categorías para os efectos da fixación da correspondente garantía, segundo o peso máximo autorizado do vehículo de maior peso que se vaia a utilizar na realización das operacións de depósito, carga e transporte da madeira talada:

-Vehículos con peso máximo autorizado inferior a 16 TN: 1800 Euros/comunicación tala

-Vehículos con peso máximo autorizado entre 16-24 TN: 3600 Euros/comunicación tala.

-Vehículos con peso máximo autorizado superior a 24 TN: 5000 Euros/comunicación tala.

5.- As correspondentes garantías deberanse depositar na Tesourería Municipal mediante: fianza en metálico, aval solidario e por tempo indefinido, seguro de caución nos termos previstos para o depósito de aquelas pola normativa reguladora de contratos do sector público.

A devolución das ditas garantías, deberá ser solicitada polos depositarios, requirindo previamente á resolución, informe dos Servizos Técnicos Municipais, no que se deixe constancia de que non foron ocasionados desperfectos nas vías, servizos e infraestruturas públicas municipais.

6.- Excepcionalmente, esta administración poderá limitar ou denegar o acceso polos viais solicitados por mor da capacidade de resistencia do firme da vía ou do seu mal estado, ou pola utilización dos ditos viais na data solicitada para outros fins, o que se porá en coñecemento do solicitante de forma motivada, coa achega do correspondente informe técnico ou da policía municipal, no prazo máximo de quince días dende a comunicación de tala, debendo realizar posteriormente unha nova comunicación de tala en caso de ser denegado o dito acceso.

7.- En ningún caso poderá iniciarse os traballos de tala, sen contar previamente coa autorización sectorial correspondente, cando ás parcelas obxecto da actuación, estean afectadas pola normativa sectorial de augas, patrimonio, estradas ou calquera outra que resulte de aplicación.-

Artigo 5º.- Potestades da administración

Unha vez que o Concello teña coñecemento da produción de danos ou da acumulación de residuos vexetais combustibles e previo o debido requirimento, o órgano municipal competente, poderá realizar con cargo á garantía depositada, as operacións de reparación, acondicionamento ou retirada de residuos, previa audiencia do interesado polo prazo de dez días hábiles, sen prexuízo de recadar as cotas correspondentes en concepto de ingreso público, se os custes da dita operación non fosen totalmente cubertos co importe da garantía depositada.

O anterior entenderase sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan polo incumprimento desta ordenanza.

Artigo 6º.- Réxime sancionador

Constitúen infraccións administrativas, as accións ou omisións que comporten un incumprimento das obrigas, prohibicións ou requisitos que establece esta ordenanza.

O procedemento sancionador, suxeitarase ao previsto no RD 1398/1993, de 4 de agosto, regulamento para o exercicio da potestade sancionadora, iniciarse mediante resolución motivada da Alcaldía, ou de ser o caso, do concelleiro/a delegado/a, sendo o prazo máximo de resolución e notificación seis meses, transcorridos os cales, producirase a caducidade do procedemento con arquivo das actuacións, sen prexuízo do inicio dun novo expediente cando a infracción non prescribise.

A resolución que poña fin ao procedemento sancionador identificará aos responsables dos feitos, coa imposición das sancións individualizadas que procedan, ordenando de ser o caso os traballos de reposición, de reparación ou de limpeza das vías, servizos e infraestruturas que procedan, que poderán executarse con cargo ás garantías depositadas.

Artigo 7º.- Responsabilidade

Son responsables das infraccións administrativas as persoas físicas ou xurídicas que as cometan en cualidade de madeireiro ou propietario do monte ou parcela.

En todo caso, será responsable o propietario no suposto de non identificar ao madeireiro, sinalando o seu NIF ou CIF e enderezo, cando sexa requirido polo concello, no prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación.

Artigo 8º.- Clasificación das infraccións e sancións.

1. As infraccións administrativas desta ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

2. As infraccións administrativas sancionaranse con multa nas seguintes contías:

Infracción leve: ata 750 euros.

Infracción grave: de 751 a 1500 euros.

Infracción moi grave: de 1501 a 3000 euros.

3. Para a clasificación das infraccións e a determinación da cuantía da sanción, teranse en conta as seguintes circunstancias:

A existencia de intencionalidade ou reiteración.

A natureza dos danos causados.

A reincidencia no prazo dun ano de mais dunha infracción da mesma natureza.

A transcendencia social da infracción.

Artigo 9º.- Competencia.

A competencia para a iniciación e resolución dos expedientes por infracción desta ordenanza, corresponde ao Alcalde, ou concelleiro/a en quen delegue, debendo nomearse instrutor/a ou secretario/a do mesmo, para os efectos de garantir a debida separación entre a fase instrutora e a resolutoria.

Artigo 10º.- Infraccións.

1.-Constitúen infraccións moi graves:

A realización de ditas actividades sen o previo depósito da garantía no importe que corresponda.

Non proceder á reparación dos danos e/ou limpeza dos restos forestais dentro do prazo sinalado de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte da notificación do requirimento municipal.

2.-Constitúen infraccións graves:

Non achegar a documentación requirida antes de efectuar a tala da madeira.

Non achegar ou falsear os datos que se esixen segundo o artigo 2º desta ordenanza.

A non comunicación da tala por parte do madeireiro no prazo sinalado..

A reincidencia na comisión de tres infraccións leves da mesma natureza, no prazo dun ano.

A realización dos traballos de tala sendo denegada previamente a utilización da vía pública para a realización dos mesmos.-

O incumprimento polo propietario do monte ou parcela da obriga de identificar ao madeireiro.

3.-Constitúen infraccións leves:

Calquera acción ou omisión que infrinxa as disposicións desta ordenanza e non estea tipificada expresamente nela como moi grave ou grave.

4.- *A imposición das sancións pecuniarias anteriormente sinaladas, non eximirá aos responsables dos feitos de repoñer a realidade física alterada, e de realizar os traballos de reparación e limpeza que a tal fin sexan sinalados na resolución que se dite.*

Artigo 11º.- Prescrición das infraccións.

1.- *As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses, computándose dende o día en que a infracción fora cometida.*

2.- *As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano, computándose dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que foi imposta a sanción.*

Disposición Final.

A presente ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e transcorrido o prazo previsto no art. 65.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.”

ANEXO I: Comunicación de tala.

DATOS MADEREIRO
Nome e apelidos / Razón social
DNI/CIF
Enderezo para os efectos de notificacións

Código Postal	Teléfono
Municipio	Provincia
REPRESENTANTE (Cando proceda)	
Nome e apelidos / Razón social	
DNI/CIF	
Enderezo para os efectos de notificacións	
Código Postal	Teléfono
Municipio	Provincia
EXPOÑO: Que pretende levar a cabo unha tala durante as datas anteriormente indicadas e coas características que se indican a continuación	

Datos da parcela		
Referencia catastral:	Superficie parcela m2)	Superficie total talada (m2)
Especie	Lugar - Parroquia	

Datos propietario parcela	
Nome e apelidos / Razón social	
DNI/CIF	
Enderezo para os efectos de notificacións	
Código Postal	Teléfono
Municipio	Provincia

Datos maquinaria			
Tipo maquinaria	Modelo	Matrícula	Peso Máximo Autorizado
Tipo maquinaria	Modelo	Matrícula	Peso Máximo Autorizado
Tipo maquinaria	Modelo	Matrícula	Peso Máximo Autorizado
Tipo maquinaria	Modelo	Matrícula	Peso Máximo Autorizado

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

- Fotocopia do NIF/NIE do/a solicitante e, no seu caso, do/a representante.*
- Solicitud de autorización para aproveitamento madeiro achegada á Consellería competente en materia forestal (Consellería Medio Rural).*
- Autorización sectorial correspondente (se procede).*
- Xustificante de pago da finza segundo o artigo 4.4º da presente Ordenanza.*
- Plano indicando os viais a utilizar e zonas de depósito da madeira.*
- Ficha catastral da/s parcela/s afectadas.*

Ena.....de.....de 20.....

Asdo.....”

Seguidamente toma a palabra a Sra. Alcaldesa e di: como dicíamos na Comisión Informativa, con esta Ordenanza o que facemos é protexer os camiños e vías de titularidade municipal, e tamén os viais de acceso, definindo expresamente as categorías en canto a pesos dos vehículos, que ao día de hoxe tampouco está regulado. Con esa garantía que poñerían os madeiristas, ou o solicitante da tala, estarían mas protexidos os nosos camiños; ademais tamén incluímos as clases de infraccións e as sancións correspondentes, para que, no caso que fose necesario, proceder á reposición dos danos causados por esas talas.

Toma a palabra o Sr. concelleiro non adscrito, Antón Sánchez García e di: parécenos unha boa iniciativa que xa facía tempo que debería estar, e esperar a que se cumpra, porque moitas veces hai lexislación pero non se cumpre.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

4.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL-POS 2013. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta aos/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa, que transcrita literalmente di:

*“Con data 30 de outubro de 2012 e núm. 10050 do Rexistro Xeral de Entrada, recibíuse unha **Circular sobre a comunicación da aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS 2013**, cuxo texto íntegro publicouse no BOP núm. 207, do 30/10/2012, e pola que nos comunican que a cantidade asignada a este concello no citado Plan é de 188.888,18 euros, podendo destinar ata o 60% da cantidade que se asigna ó financiamento dos gastos correntes que o concello ten previsto realizar durante o dito exercicio económico.*

Nas Bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia municipal (POS) 2013 faise constar, de conformidade co Real decreto 835/2003, de 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado ós investimentos das Entidades Locais, que para a realización das obras o concello correspondente deberá realizar unha achega mínima obrigatoria do 5% calculada sobre presuposto de contrata da obra.

Así mesmo, nas bases reguladoras deste Plan Provincial establece a documentación que deberán presentar os concellos que desexen participar nel, ata o día 28 de decembro de 2012, e que é a seguinte: Memoria, Certificado do acordo plenario polo que se dispoña participar no presente Plan segundo o modelo remitido pola Deputación, Proxecto, Informe técnico do proxecto presentado e Informe da Intervención de previsión de gastos correntes 2013.

*En consecuencia, procedeuse a solicita-la elaboración do proxecto correspondente e a requirir do arquitecto municipal a emisión dun informe sobre o mesmo co fin de **propoñer ó Pleno que, tras o exame do citado expediente, adopte o seguinte acordo:***

1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

<i>Denominación da obra</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Presuposto total</i>
<i>Saneamiento en Cruz do Sar (Bergondo)</i>	<i>94.444,09 €</i>	<i>13.445,54 €</i>	<i>107.889,63 €</i>

Aprobar o proxecto das obras incluídas na anualidade 2013 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	<i>Deputación</i>
<i>Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes</i>	<i>94.444,09 €</i>

C) Resumo:

<i>Denominación da obra</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Presuposto total</i>
-----------------------------	-------------------	-----------------	-------------------------

<i>SUBTOTAL OBRAS</i>	<i>94.444,09 €</i>	<i>13.445,54 €</i>	<i>107.889,63 €</i>
<i>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</i>	<i>94.444,09 €</i>		<i>94.444,09 €</i>
<i>T O T A L</i>	<i>188.888,18 €</i>	<i>13.445,54 €</i>	<i>202.333,72 €</i>

2.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que está a tramitar o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente son necesarias.

3.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2013 os fondos necesarios para facer fronte á chegada municipal das obras incluídas na anualidade do 2013.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

6.- Autorizar á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

7.- Facultar expresamente á señora alcaldesa para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: como adiantabamos na Comisión Informativa, había a posibilidade de que non fora obrigatorio ese cinco por cento ao que facemos referencia na nosa proposta, e así foi, as bases do POS foron modificadas e non habería que poñer ese cinco por cento de financiamento municipal. A pesar de iso, e aínda que o Orzamento non está aprobado nin tampouco hai un borrador, si que podemos presumir de que o concello pode dispoñer desta cantidade para o ano que ven, e completar a cantidade que asigna a Deputación. Recalcamos tamén que dispoñemos dun cincuenta por cento para gasto corrente, que non é o primeiro ano que o facemos e si que nos gustaría que o cen por cen fose para inversión, pero a situación é a que é e si que temos que dotar dunha cantidade que, como ben di sería ata do sesenta por cento, pero neste caso decidimos que un cincuenta por cento sexa para gasto corrente.

A continuación a Sra. voceira do PP manifesta: como xa apuntamos na Comisión Informativa, tamén nos houbose gustado que se destinara o cen por cen a inversión, porque creo que Bergondo pode facer ese esforzo e vostede o sabe; so é cuestión de redistribuír.

Sra. alcaldesa: xa digo que por desgraza agora si que temos que contar con ese gasto corrente; en todo caso intentaremos, igualmente, facer obras.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

5.- PROPOSTA PARA AMPLIACIÓN DAS PRESTACIÓNS NOS SUPOSTOS DE BAIXAS LABORAIS DO PERSOAL DO CONCELLO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta aos/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa, que transcrita literalmente di:

“O Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, regula no seu artigo 9 a Prestación económica na situación de incapacidade temporal do persoal ó servizo das Administracións Públicas, organismos e entidades dependentes e

órganos constitucionais, onde establece uns límites máximos para proceder a complementar as prestacións do persoal o seu servizo nas situacións de incapacidade temporal, soamente alcanzando o 100% desde o primeiro día, os supostos de incapacidade temporal derivada de continxencias profesionais, suspendendo o seu apartado 7 os Acordos, Pactos ou Convenios vixentes que contradigan o disposto no presente artigo.

Sen embargo, o apartado 5 do antedito precepto, establece que cada Administración Pública poderá determinar, respecto o seu persoal, os supostos en que con carácter excepcional e debidamente xustificadas se pode establecer un complemento ata alcanzar como máximo, o 100% das retribucións, considerándose a estes efectos, en todo caso debidamente xustificadas, os supostos de hospitalización e intervención cirúrxica. Permitindo polo tanto e coas limitacións reguladas establecer outros supostos.

Por todo o antedito, o día 27 de novembro reuniuse a Mesa Xeral de Negociación do concello, na que logo de debater entre os representantes dos traballadores e os da Administración acordouse a ampliación dos supostos que se propoñen nesta sesión.

Logo de ver o anteriormente exposto, PROPOÑO ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Ampliar a supostos de diagnóstico ou tratamento crónico de enfermidades graves, entendendo por tales as recollidas no anexo do Real Decreto 1148/2011, de 29 de xullo, para a aplicación e desenvolvemento, no sistema da Seguridade Social, da prestación económica polo coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave, a cobertura do 100% das retribucións desde o primeiro día. Igualmente ás enfermidades durante o embarazo e que poidan poñer en risco o mesmo.

Segundo: Recoller os límites do Real decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, quedando para continxencias comúns as seguintes porcentaxes:

- tres primeiros días: 50% das retribucións devengadas o mes anterior á baixa
- Desde o 4º día ata o día 20: o 75% das retribucións
- Desde o día 21 o 100% das retribucións.

Para continxencias profesionais: O 100% das retribucións devengadas o mes anterior á baixa.

Para os supostos de hospitalización, intervención cirúrxica, e os establecidos no apartado Primeiro anterior, o 100%. En relación aos criterios e principios para a aplicación do complemento para os citados supostos estarase ao que se establece nas Instrucións de 7 de maio de 2012, para a aplicación dos complementos de incapacidade temporal.... acordada entre os sindicatos e a Xunta de Galicia, especialmente no seu apartado Segundo. 1) que se transcribe no Anexo a esta proposta.

O Pleno da Corporación decidirá o que crea máis conveniente.

Bergondo, 17 de decembro de 2012.

A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez

ANEXO

INSTRUCCIÓN DE 7 DE MAIO DE 2012, PARA A APLICACIÓN DOS COMPLEMENTOS DE INCAPACIDADE TEMPORAL DEBIDA A CONTINXENCIAS PROFESIONAIS E COMÚNS, E NAS SITUACIÓNS DE MATERNIDADE, PATERNIDADE, RISCO DURANTE O EMBARAZO E RISCO DURANTE A LACTACIÓN NATURAL.

.....

Segundo. Complemento por incapacidade temporal ata o 100% das retribucións.

1) Aboarase un complemento económico ata o 100% das retribucións nos supostos de incapacidade temporal orixinados por:

- a) Hospitalización: Para iso o traballador deberá presentar xustificante de hospitalización que acredite que a mesma coincide no tempo co período de incapacidade temporal. Se esta última se produce unha vez iniciada a baixa, e ten a súa mesma causa, o xustificante aportarase co parte de confirmación que corresponda no tempo co inicio da devandita hospitalización. Neste caso regularizarase o aboamento do complemento, para que a persoa reciba o 100% das retribucións desde o primeiro día da baixa.

Terán a consideración de hospitalización, aos efectos de aboamento do 100% das retribucións, a hospitalización a domicilio, e a estancia nos hospitais de día incluíndo os períodos de observación nos Servizos de Urxencias Hospitalarias superiores a 7 horas. Este extremo deberá ser acreditado polo xustificante que corresponda.

b) Intervención cirúrxica. Para iso o traballador deberá presentar xustificante médico da devandita intervención cirúrxica e acreditar que a baixa ten a mesma causa que a intervención sen que sexa necesario especificar a concreta actuación médica practicada. Se a intervención médica cirúrxica se produce unha vez iniciada a baixa, o xustificante aportarase co parte de confirmación que corresponda no tempo co inicio de dita intervención. Neste caso regularizase o aboamento do complemento, para que a persoa empregada perciba o 100% das retribucións desde o primeiro día da baixa.

Terán a consideración de intervencións cirúrxicas, aos efectos do aboamento do 100% das retribucións e sempre que se atopen incluídas na carteira de servizos do sistema sanitario público, as intervencións cirúrxicas con internamento, as intervencións de cirurxía maior ambulatoria e de cirurxía menor ambulatoria, as intervencións médicas invasivas como colonoscopias, gastroscopias e outras de características similares, así como os tratamentos oncolóxicos.

c) Incapacidade temporal derivada do embarazo. Para iso deberá presentarse, xunto co parte de baixa, un informe médico que acredite que a enfermidade é consecuencia directa do embarazo ou que se deriva do mesmo, sen prexuízo do previsto no apartado 3 b) da presente instrución.

.....

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

6.- PROPOSTA DE ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DAS BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO ORDINARIO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE SECRETARÍA DO CONCELLO DE BERGONDO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta aos/ás asistentes, da proposta informada favorablemente pola Comisión Informativa, que transcrita literalmente di:

“Visto que conforme ao disposto no artigo 20.1 do Decreto 49/2009, de 26 de febreiro sobre o exercicio de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios con habilitación de carácter estatal, as corporacións locais galegas con postos vacantes que estimen necesario incluír no concurso ordinario anual, deberán aprobar en pleno as bases para a súa cobertura conforme as regras específicas deste Decreto.

Considerando que os postos de traballo vacantes reservados a funcionarios con habilitación de carácter estatal se proverán por concurso se méritos, que será o sistema normal de provisión.

Logo de ver que o posto de Secretaría do Concello de Bergondo, en canto reservado a funcionario con habilitación de carácter estatal, está vacante a efectos do concurso

Vistas as especiais características que contempla o Concello de Bergondo en orde á densidade poboacional, características urbanísticas especialmente derivadas da normativa vixente no Concello, así como a necesidade imposta legalmente de implementar a Administración Electrónica Municipal o que comporta a necesidade de que o habilitado estatal goce de amplos coñecementos en materia de urbanismo, réxime de funcionamento e organización municipal, e administración electrónica.

Considerando que as derradeiras reformas no marco lexislativo que afectan ás Corporacións Locais esixen que os cursos que se valoren nas bases poñan de manifesto a actualización dos coñecementos lexislativos e as novas tendencias na administración pública local, todo elo en aras dun óptimo

funcionamento dos servizos públicos de acordo cos principios de eficacia, economía, e eficiencia así como da máxima calidade na súa prestación.

Considerando que dadas as especiais características do Concello de Bergondo, resulta procedente a determinación por este duns méritos específicos que estean relacionados directamente coas características do posto de traballo a prover e as funcións que lle correspondan, de sorte que garantan por un lado a obxectividade na provisión e, por outro, a idoneidade do/da candidato/a para o seu desenvolvemento e que tales méritos específicos veñan a complementar os méritos xerais e os de valoración autonómica, xunto co coñecemento da lingua galega nos termos sinalados no Decreto 103/2008 de 8 de maio.

Á vista do anteriormente exposto propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguintes acordo:

Primeiro: *A aprobación inicial das bases da convocatoria do concurso ordinario para a provisión do posto de Secretaría do Concello de Bergondo, reservado a funcionarios con habilitación de carácter estatal de conformidade co previsto nos artigos 20 e seguintes do Decreto 49/2009, de 26 de febreiro sobre o exercicio de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios con habilitación de carácter estatal, e cos méritos específicos que se determinan a continuación:*

I.-Características do Posto:

Corporación: Concello de Bergondo.

Nome do posto: Secretaría.

Clase: Segunda.

Subescala: Secretaría.

Nivel de complemento de destino: 30

Complemento específico: 27.046,81 euros.

II.-Baremo de méritos específicos.

A) Servizos Prestados.

A.1) *Por servizos prestados como Secretario en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, que teñan como normativa urbanística unhas Normas Subsidiarias do Planeamento Municipal ditadas ao amparo do RDL 1/1992 de 26 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana.....0,05 puntos por mes traballado ou fracción ata un máximo de 0,60 puntos.*

Dado que o Concello de Bergondo, conta na actualidade como normativa urbanística municipal cunhas Normas Subsidiarias do Planeamento Municipal ditadas baixo vixencia do RDL 1/1992 de 26 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre o Réxime do Solo e Ordenación Urbana, e dado que a día de hoxe aínda se está en trámites de proceder a licitar a adxudicación dos traballos para a elaboración dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, o que supón que o Concello de Bergondo durante varios anos se seguirá a rexer polas actuais Normas Subsidiarias considérase prioritario a valoración do feito de que os candidatos teñan traballado en concellos con semellante normativa urbanística municipal. Debe considerarse que estamos ante un mérito que, por un lado, está vinculado directamente ás funcións do posto, dada a importancia cuantitativa e cualitativa que representan as cuestións urbanísticas na vida municipal, tendo en conta que o Secretario está chamado a efectuar o asesoramento legal sobre a materia así como o impulso da tramitación administrativa das súas consecuencias (xestión urbanística, licenzas, disciplina, ordes de execución, etc...). Por outro lado o urbanismo non é unha competencia accesoria ou privativa de determinados concellos, se non un ámbito funcional e irrenunciabile.

A.2) *Por servizos prestados como Secretario en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, que contén cunha sede electrónica municipal en funcionamento e operativa, e teñan aprobada a correspondente ordenanza electrónica municipal..... 0,15 puntos por mes traballado ou fracción ata un máximo de 1,5 puntos.*

A Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, establece a obriga de que as Administracións Públicas se doten dunha sede electrónica definida como aquela dirección electrónica dispoñible para os cidadáns a través das redes de telecomunicacións cuxa titularidade, xestión e administración corresponde a unha Administración Pública, órgano ou entidade administrativa no exercicio das súas competencias. O Concello de Bergondo, conta coa citada sede electrónica, que permite a tramitación dun catálogo de procedementos (licenzas, subvencións, certificados de empadramento etc...) nos que ten unha intervención directa e decisiva o Secretario da Corporación, polo que considerase necesario valorar que os candidatos estean familiarizados co funcionamento e manexo da citada sede electrónica.

A.3) *Por servizos prestados en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia cunha densidade de poboación entre 180 habitantes/Km² e 250 habitantes/Km² segundo as cifras publicadas polo INE a 1/01/2011.....0,15 puntos por mes traballado ou fracción ata un máximo de 1,5 puntos.*

O presente mérito pretende avaliar as especiais características demográficas e de dispersión poboacional do Concello de Bergondo, carente dun verdadeiro núcleo urbano concentrado de poboación, xa que estas inciden en múltiples e variados aspectos da vida local e do tipo de expedientes e actuacións a tramitar desde o Concello. Así afectará ao tipo de licenzas urbanísticas que se solicitan, xestión de servizos que se demandan e forma de prestación dos mesmos, etc... Neste sentido o dato poboacional é un dato obxectivo, que é utilizado pola lexislación local frecuentemente como referencia para determinar as responsabilidades e dereitos municipais. Considérase desde este punto de vista necesario valorar o feito de que os candidatos teñan prestado servizos en Concellos de semellantes características de densidade de poboación que o Concello de Bergondo.

B) Cursos de formación

A puntuación máxima por este punto será de 3,15 puntos.

Valoraranse os cursos impartidos polo Instituto Nacional de Administración Pública, Escola Galega de Administracións Públicas, escolas públicas oficiais de funcionarios e universidades, ou entidades públicas ou privadas ao abeiro dos acordos de formación continua para as administracións públicas.

Non se valorarán os diplomas relativos á realización de congresos, conferencias, seminarios, xornadas, simposios, encontros e semellantes, nin aqueles cursos realizados con máis de 15 anos de antelación á data de resolución pola que se aproba a convocatoria do concurso.

B.1 *Cursos relacionados coa xestión e planeamento Urbanístico: máximo de 0,70 puntos.*

Cursos de 16 a 20 horas: 0,10 puntos.

Cursos de 21 a 50 horas: 0,20 puntos.

Cursos de máis de 50 horas: 0,30 puntos.

B.2 *Cursos de contratación administrativa: Máximo 0,40 puntos.*

Cursos de 16 a 20 horas 0,10 puntos.

Cursos de 21 a 40 horas 0,20 puntos.

Cursos de máis de 40 horas 0,30 puntos

B.3 *Cursos de responsabilidade patrimonial: máximo 0,25 puntos.*

Cursos de 16 a 25 horas 0,10 puntos.

Cursos de máis de 25 horas 0,25 puntos.

B.4 *Cursos de linguaxe administrativa e comunicación escrita: máximo 0,20 puntos.*

Cursos de 16 a 25 horas: 0,10 puntos.

Cursos de mais de 25 horas: 0,20 puntos

B.5 *Cursos de normativa medioambiental: máximo 0,50 puntos.*

Cursos de 16 a 25 horas: 0,10 puntos.

Cursos de 25 a 40 horas: 0,30 puntos.

Cursos de máis de 40 horas 0,50 puntos

B.6. *Cursos de xestión de servizos municipais: máximo 0,40 puntos.*

Cursos de 16 a 20 horas 0,10 puntos.

Cursos de 21 a 40 horas 0,20 puntos.

Cursos de máis de 40 horas 0,30 puntos.

B.7 *Curso sobre réxime xurídico das entidades locais: máximo 0,30 puntos.*

Cursos de 16 a 25 horas 0,10 puntos.

Cursos de máis de 25 horas 0,20 puntos.

B.8 *Curso sobre xestión de persoal: máximo 0,20 puntos.*

Cursos de 16 a 20 horas 0,10 puntos.

Cursos de mais de 20 horas 0,20 puntos.

B.9 *Cursos sobre dereito penal no ámbito administrativo: máximo 0,20 puntos.*

Cursos de 16 a 25 horas 0,10 puntos.

Cursos de máis de 25 horas 0,20 puntos.

Valóranse os cursos relacionados coas materias que máis directamente inciden na realización do traballo de Secretaría do Concello, outorgando especial valoración ás materias de urbanismo, contratación, xestión de servizos e regulación medio ambiental por entender que nun Concello coas características do Concello de Bergondo, son materias que tanto cuantitativamente como cualitativamente teñen unha maior importancia e nas que a intervención do Secretario resulta máis determinante.

C.-Actividades de docencia. Máximo 0,75 puntos.

Valorarase a actividade docente cando vaia dirixida á ensinanza de materias sobre organización territorial e normativa autonómica de Galicia, réxime local, procedemento administrativo, contratación pública, servizos públicos, urbanismo e/ou persoal das entidades locais en cursos organizados polas Deputación Provinciais, Federación Galega de Municipios e Provincias, Federación Española de Municipios e Provincias e/ou universidades.

A valoración da mesma será a razón de 0,025 puntos por hora impartida de cursos, excluíndose congresos, conferencias, seminarios, xornadas, simposios, encontros ou semellantes.

A valoración do presente mérito xustifícase desde un dobre punto de vista. Por un lado, ven a complementar a valoración de méritos autonómicos e xerais, xa que unicamente valoran a actividade docente en cursos organizados, homologados ou recoñecidos pola Escola Galega das Administracións Públicas ou realizados en colaboración con esta, cando na actualidade existen outras entidades públicas que promoven a realización de múltiples cursos relacionados co ámbito local. Por outro lado tanto o convenio colectivo como o acordo regulador das condicións de traballo do Concello de Bergondo, no seu artigo 103 prevé a realización de programas de formación local, polo que considerase relevante valorar que os candidatos poidan ter experiencia docente en orde a poder participar nesas actividades formativas organizadas polo Concello, tanto dirixidas aos seus traballadores, como as posibles charlas ou conferencias que se poidan organizar para os veciños en xeral.

III- Medios de acreditación ou valoración.

Epígrafe de servizos prestados: a acreditación destes méritos farase mediante certificado expedido polas entidades en que foron prestados os servizos, onde se deixe constancia expresa da características ou características do concello no que se prestou servizos, que sexan obxecto de valoración.

Epígrafe de cursos de formación e perfeccionamento: a acreditación realizarase mediante orixinal ou copia cotexada do título, diploma ou certificado suficiente expedido polas institucións ou organismos organizadores deles.

Epígrafe de actividade docente: a acreditación realizarase mediante certificado expedido polas entidades ou organismos organizadores dos cursos, onde faga constarse claramente o título do curso e o número de horas concretas impartidas polo candidato.

Segundo: *De conformidade co previsto 27.2 do Decreto 49/2009, de 26 de febreiro sobre o exercicio de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios con habilitación de carácter estatal, proceder á exposición pública do presente acordo por prazo de 15 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Dar conta*

ao Pleno das reclamacións que se presenten. As reclamacións presentadas resolveranse por este órgano con carácter definitivo. No caso de que non se presenten reclamacións, o acordo provisional entenderase elevado automaticamente a definitivo.

E esta é a proposta que se somete ao Pleno da Corporación, que adoptará o acordo que considere oportuno.”

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: como xa saben vostedes o posto da Secretaría Xeral do concello está ao día de hoxe vacante, polo que procede a súa convocatoria ben por concurso unitario, por parte do Estado ala polo mes de outubro do ano que ven, ou ben por concurso ordinario.

Entende este grupo de goberno que o concurso ordinario é o mais axeitado, porque hai unha pequena posibilidade de definir unhas características do que se espera poida ser o secretario, ou secretaria, do Concello de Bergondo.

Despois do que falamos na Comisión Informativa, e dado que algún dos criterios que se valoraban, neste caso a existencia de concelleiros non adscritos, non era algo co que vostedes estaban de acordo, pois quitamos ese e se trae unha nova proposta con esa redistribución de puntos. Incidir unha vez mais, que son bases que están revisadas pola Dirección Xeral da Xunta, que nos dou o seu visto bo, e incidir tamén que os méritos que se teñan que incluír, teñen que ser criterios que definan ao Concello de Bergondo á día de hoxe, que o que marca a lexislación; recordar tamén que os méritos xerais que é a que pon o Estado é de dezanove con cinco puntos, os autonómicos son tres puntos, e os específicos, que é onde o concello pode definir eses criterios, son sete con cinco; eses méritos específicos que deben estar relacionados directamente coas características do posto de traballo a prover e as funcións que lle corresponden, teñen que ser *servicios prestados en entidades locais con características comunes de poboación, presuposto, actividades principais, y otras análogas a las de la corporación que convoca el puesto.*

A continuación toma a palabra a Sra. voceira do PP: xa dixemos que non compartiamos o que se valoraba no apartado a.2, respecto a servizos prestados en concellos que contaran con concelleiros non adscritos, sen embargo isto segue estando presente na redacción da nova proposta, na páxina uno.

Sra. alcaldesa: si, iso é algo que temos de quitar.

Sra. voceira do PP: tamén no punto número un, que se valoran os servizos prestados en concellos da Comunidade Autónoma que se rexan por Normas Subsidiarias de Planeamento, penso que en Bergondo temos técnicos suficientes que coñecen as Normas Subsidiarias.

Vostede dicía que o que tiñamos que valorar eran as circunstancias actuais do concello, pois ao noso entender sería moito mais lóxico primar a un secretario que desenvolvera a súa labor en concellos que fosen capaces de desenvolver un Plan Xeral, porque desta maneira intentaremos que o de Bergondo arranque, penso que esa característica tamén define a este concello.

En relación ao punto a.3 estamos limitando en canto a territorio, xa que esta é unha praza reservada a funcionarios con habilitación de carácter estatal e seguimos premiando o seu traballo en Comunidades Autónomas.

En canto a actividades de docencia, penso que foi un despiste non valorar a docencia organizada pola EGAP, porque despois disto esíxese que estes cursos estean organizados e homologados por ela.

En calquera caso estamos sentando as bases dunha praza que nos vai acompañar durante varias décadas das nosas vidas, penso que o sensato sería sentarse con todos os grupos, consensualo, e non intentar apoios de última hora. Estamos a favor de contar cun secretario, ou secretaria, formado e capacitado, pero igual que ocorre coas bases creadas para calquera outra actividade, nas que non podemos restrinxir por razón do territorio, aquí o estamos facendo tamén, porque por outro lado estamos limitando a densidade de poboación dos concellos nos que houberan exercido a súa actividade os aspirantes, e aínda que non estou pensando para nada que estas bases conteñan ningunha ilegalidade, considero que deberían ser mais éticas e transparentes, e pensadas desde que estamos en disposición de cubrir esta vacante, xullo de 2012, e non feitas a última hora.

Sra. alcaldesa: entendo que o criterio das Normas Subsidiarias poida parecer un pouco anticuado á día de hoxe, e que o lóxico sería valorar a un secretario, ou secretaria, que estivera traballando en sitios no que hai PXOM, pero iso é algo que non define ao Concello de Bergondo, e calquera podería impugnalos porque sería como dicir que tamén valorásemos que se algún día queremos ter un campo de fútbol, por poñer un exemplo, que queremos ter un secretario que estivera nun concello que tiña un campo de fútbol, de herba artificial; é dicir, iso sería especificar algo que ao día de hoxe non existe e iso si sería impugnado, e entendo que ademais o lóxico sería iso, pero iso tamén nos restrinxen.

O feito de que tamén sexa servizos prestados na Comunidade Autónoma de Galicia, se podemos definir algo, mellor que sexa un secretario que saiba galego, iso para empezar. A densidade de poboación tamén restrinxen, pero á día de hoxe é a que ten Bergondo.

Éticas e transparentes dende logo a min si que me parecen, en todo caso, creo que polos seus argumentos estaría vostede en disposición de que fose no concurso unitario, é dicir, que non houbera mérito que definise ao Concello de Bergondo. Por parte do grupo de goberno non hai especial interese en definir estes criterios en concreto, nos estamos abertos a que sexa calquera, pero que definan ao Concello de Bergondo á día de hoxe, que é o que ten que ser legal; podería ser a densidade de poboación, as Normas Subsidiarias, algo que ao día de hoxe esta definindo ao concello, non podemos poñer criterios futuribles, e entendo que a lóxica nos puidese levar a entender algo así. Por iso entendemos que deberíamos intentalo no ordinario, porque aí é onde o Concello de Bergondo ten a oportunidade de definir unha parte deses méritos, dunha praza que nos vai acompañar, ou non porque xa sabemos como funcionan estas prazas, durante moitos anos, coa posibilidade de que o Concello de Bergondo decida na parte que lle corresponde, si quitamos todo iso ímonos ao concurso unitario onde soamente se valoran os méritos estatais e os autonómicos.

Sra. voceira do PP: nos estamos dando a nosa opinión, eu creo que terían que facerse estas bases desde un criterio consensuado, no que puidésemos participar todos os grupos, porque non estamos contratando unha obra que acaba nun prazo de tres meses, non estamos adxudicando calquera outro servizo por un período de tres ou catro anos, estamos sentando as bases para o futuro, e como tales bases creo que este proxecto ten que defendelo case como o PXOM, e estamos na mesma historia de sempre, non se falan as cousas e a última hora pois.....; e non é que me queira limitar ao unitario, non estou dicindo iso, pero estou dicindo que aquí hai unha serie de baremos e puntuacións que seguro que se nos sentamos, entre todos chegaríamos a un punto de acordo, pero para iso hai que sentarse no momento que se sabe que se vai dotar unha praza e non nunha comisión uns días antes.

Sra. alcaldesa: as comisións están para iso; de feito a proposta que se fai para hoxe é en base ao que se falou na Comisión Informativa, tamén o motivo de que veña a este pleno é que debe estar aprobado o dez de febreiro, incluso xa se pensa que se hai alegacións que se teñan que resolver por este Pleno, que poidan ir no mes de xaneiro, é dicir, os tempos xustos; non podemos estar con este expediente porque despois se nos pasan os prazos.

Toma a palabra o Sr. concelleiro non adscrito, Antón Sánchez García e di: hai un principio que para nós é básico, que é a igualdade de oportunidades no acceso á función pública, e cremos que estes baremos non cumpren iso, son arbitrarios e nós non estamos de acordo. Penso que deberíamos consensuar outros, se é posible, porque penso que isto é unha cousa feita á medida e non debe ser así; é unha cuestión moi seria, na contratación hai que ser exemplares.

Claro que hai Normas Subsidiarias, pero Bergondo é un concello que está tramitando ou redactando un novo Plan Xeral, se podería incluír iso, poderíase incluír experiencia en posta en marcha de Regulamentos de participación veciñais, inventarios de camiños, etc. Nos imos votar en contra.

Logo de proceder á votación ordinaria da proposta presentada, produciuse un empate, polo que se fai unha segunda votación na que tamén se produce un empate, que tivo o seguinte resultado:

Grupos municipais do **PSdG-PSOE e Veciños de Bergondo, seis (6) votos a favor**, grupo municipal do **PP e concelleiros non adscritos, seis (6) en contra**, dos doce concelleiros asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobada**,co seu voto de calidade, a proposta antes transcrita.

7.- ASUNTOS URXENTES.

Seguidamente a Sra. alcaldesa pregunta aos/a voceiros/a dos grupos políticos se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día que acompañaba a esta convocatoria.

Non se presentan.

8.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións adoptadas desde o 26 de novembro ata o 21 de decembro de 2012, numerados do 906/2012 ao 991/2012. O Pleno queda enterado.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Sra. voceira do PP, indica que presentaron unha preguntas no Rexistro nesta mesma data, e non teñen ningún para esta sesión.

A Sra. alcaldesa manifesta que entende que se lle contestaran por escrito.

A Sra. voceira do PP, contesta que si.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e cinco minutos remátase a sesión por orde da alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, a secretaria en funcións, dou fe.

A secretaria en funcións

V. e Pr.:
A alcaldesa

Laura Gutiérrez Ortiz

Alejandra Pérez Máquez